

Gañadoras do Premio Nobel



8
MARZO

Mulleres nas Bibliotecas da UDC

Nos 115 anos de historia dos galardóns, outorgados pola Real Academia Sueca de Ciencias, a Academia Sueca, o Instituto Karolinska e o Comité Noruegués do Nobel, só 49 mulleres conseguiron o galardón fronte a 833 homes. No ano 2016 non se sumou ningún nome feminino a esa lista.

Con motivo da celebración o 8 de marzo do Día Internacional das Mulleres, queremos facerlles unha homenaxe a esas 49 mulleres que conseguiron tan prezado recoñecemento ao tempo que poñemos de manifesto a desigualdade e nesgo de xénero que que aínda persisten no recoñecemento público das achegas das mulleres.